

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011.

Advertidos erros na Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2011, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 6, do 11 de xaneiro de 2011, cómpre facer as seguintes correccións:

1. Na páxina 589, no número 5 da letra n), onde di: «Avicultura: outras aves de curral distintas das poñedoras: 0,003 UGM», debe dicir: «Avicultura: outras aves de curral distintas das poñedoras: 0,03 UGM».

2. Na páxina 610, no número 1 do artigo 87º, onde di: «Os/as solicitantes con axudas aprobadas no marco do CES comunicarán ao Fogga o cumprimento dos compromisos asumidos para o ano natural antes do 31 de marzo do ano seguinte», debe dicir: «Os solicitantes con axudas aprobadas no marco do CES comunicarán ao Fogga o cumprimento dos compromisos asumidos para o ano natural antes do 31 de marzo do ano seguinte, ou no prazo de dous meses a partir da data de recepción do comunicado de aprobación da solicitude inicial da axuda, se este foi recibido despois do 1 de febreiro».

3. Na páxina 615, no número 2 do artigo 106º, onde di: «Non obstante, durante o período de cinco anos de duración dos compromisos derivados da concesión do CES poderá solicitarse unha modificación e/ou ampliación dos que fosen suscritos inicialmente», debe dicir: «Non obstante, durante o período de cinco anos de duración dos compromisos derivados da concesión do CES poderá solicitarse unha modificación sen ampliación dos que fosen suscritos inicialmente».

4. Na páxina 620, na epígrafe b.1 do anexo 1, o texto do número 3 queda redactado como segue: «3. Fotocopia do CIF cando o solicitante teña persoalidade xurídica ou sexa unha persoa física non individual (comunidade de bens, sociedade civil, etc)».

5. Na páxina 620, na epígrafe b.1 do anexo 1, o texto do número 5 queda redactado como segue: «5. Documento de outorgamento de representación no caso de solicitantes con persoalidade xurídica ou de autorización de sinatura cando o solicitante, sendo persoa física, non é quen presenta a solicitude».

6. Na páxina 648, no modelo de impreso DC do anexo 1, o texto do número 2 da epígrafe A queda redactado como segue: «2. Fotocopia do CIF cando o solicitante teña personalidade xurídica ou sexa unha persoa física non individual (comunidade de bens, sociedade civil, etc)».

7. Na páxina 648, no modelo de impreso DC do anexo 1, o texto do número 4 do epígrafe A queda redactado como segue: «Documento de outorgamento de representación no caso de solicitantes con personalidade xurídica ou de autorización de sinatura cando o solicitante, sendo persoa física, non é quen presenta a solicitude».

8. Na páxina 660, no anexo 10, corríxese a admisibilidade do produto 117, castiñeiro, que queda do seguinte xeito:

| Código | Descrición | Grupos de cultivo | Admisibilidade R.P.U. |
|--------|------------|-------------------------|-----------------------|
| 117 | Castiñeiro | R60 outras utilizacións | Si |

9. Na páxina 661, na relación de zonas de concentración do anexo 12, engádesse unha nova zona coas seguintes referencias:

| Código | Provincia | Concello | Código zona | Nome da zona |
|--------|-----------|-------------------|-------------|--------------|
| 27 | Lugo | 010 Castro de Rei | 01 | Ramil |

10. Na páxina 679, no cadro «primas unitarias máximas nas submedidas de benestar animal» o valor unitario para as aves de curral (carne) indicado en euros por UGM no número 1, debe dicir: «53,00».

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Resolución do 21 de marzo de 2011 pola que se ordena a publicación do Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do Concello de Punxín.

O día 18 de marzo de 2011 a Axencia e o Concello de Punxín asinaron o Convenio de adhesión dese concello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De conformidade co establecido no artigo 9º.1 dos estatutos da Axencia aprobados por Decreto 213/2007, do 31 de outubro, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2011.

María Martínez Allegue
Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

En Santiago de Compostela o dezaioito de marzo de dous mil once

Interveñen:

Dunha parte, Alfredo Cruz Gago, alcalde do Concello de Punxín, provincia de Ourense, en representación do concello, de conformidade co disposto no arti-